

Moi bo día nenos e nenas! Para esta semana propóñovos as seguintes actividades:

MÉRCORES

Hoxe vamos a repasar un pouquiño:

LEMBRA:

Ao final dunha pregunta poñemos o signo de interrogación ?. Por exemplo: Podes emprestarme o teu lapis?

Para expresar sorpresa, susto, ou calquera outra cousa que queiramos exclamar, poñemos o signo de exclamación ao final !. Por exemplo: Non o podó crer!

1 Escribe o signo axeitado en cada caso.

A Afírmase algo

Eu teño nove anos

Iago foi ao museo

Vai bo tempo

B Pregúntase algo

Que hora é

Onde está o libro

Tes un lapis

C Exprésase unha emoción


Que medo dá

Bravo! Gañamos

Ai, canto o sinto

2. Escribe tres preguntas e tres exclamacións.

6 Escribe unha pregunta apropiada para cada resposta. Non esquezas utilizar o signo de puntuación adecuado.



XOVES

Aquí tedes un cómic cos seus bocadillos, pero sen texto, podedes completalo? Ao finalizar repasa as faltas de ortografía e pinta! Envíamo para que vexa o chula que quedou a túa historia.

UMBRELLA



VENRES

Pois como xa é venres quero que pensedes no seguinte:

- Unha cousa que me fixera rir esta semana:
- Unha cousa que aprendín esta semana:
- Algunha cousa que me apeteza facer a fin de semana:
- A cousa máis divertida que fixen esta semana:

E por último... a cantar e bailar en galego!

https://www.youtube.com/playlist?list=PLs3x95lOdlbRmgs0jlcSmvAW8oA0R_mQi

Déixovos tamén unha manualidade musical por se vos apetece facer!

<https://drive.google.com/open?id=1W30WHax0SyZdPc5YplcLjbSxXmw1-BkC>

Como sempre, podedes escribirme co que queirades!